

MIS PEQUEÑOS AMORES

1254

Celia Rico, 2023

ESTREA EN NUMAX: 08.03.2024 | V.O. | +7 | 95 min

Teresa, de 42 anos, cambia os seus plans de vacacións para pasar o verán con Ani, a súa nai. Convivir día e noite despois de tantos anos non lle resulta fácil a ningunha das dúas. Afeitadas a vivir soas, cústalles poñerse de acordo ata nas pequenas cousas do día a día. Non obstante, a obrigada convivencia traerá tamén momentos reveladores para ambas.

«Atravesa o corazón como poucas películas»

Paula Arantzazu Ruíz, CINEMANÍA



Entrevista con Celia Rico: «Non me importan os feitos senón as emocións»

Por César Suárez

Mis pequeños amores é unha historia persoal? Xorde como unha conversa hipotética que podería ter coa miña nai, pero non é biográfica. A miña anterior película escribina con certa distancia, porque eu xa había anos que marchara de casa. Pero esta síntoa máis viva. O asunto da maternidade e a *fillidade* está moi presente nas conversas coas miñas amigas. É algo que preocupa na miña contorna. Á vez, afloran moitos temas, como o dos coidados. Quen se vai a ocupar das persoas maiores que non teñen fillos e que cada vez son máis? A película non vai só disto, pero é un debate importante que non está na sociedade.

O máis difícil é narrar o sinxelo? Así é. A película creceu a base de fragmentos de conversas, de frases que dixemos e escoitamos moitas veces e definen a nosa escala de valores. Fíxome en canto hai de xenuíno ou de clixé no que dicimos e facemos, que actitude temos ante a realidade. Busco nesas escenas que parece que non revelan nada pero que mostran o que somos e os mandatos que adquirimos sen sabelo. Creo que hai unha tendencia a sinalar só os temas complexos e non me parece que a vida sexa tan endiañada, a vida sucede e xa está.

Por que a túa mirada é distinta? Non busco esa diferenza, é o que me atrae, é a miña maneira de sentir. Este é o cinema que me emociona. Gústame moito observar os xestos. Conmóveme percibir en alguén un xesto de amor, e tamén me emociona pensar no que fai que alguén faga algo por outra persoa. Eses pequenos actos de agarimo e de bondade son os que busco.

Tamén parece tendencia categorizar ás nais e ás que non o son. Que é unha mala nai, ou unha nai perfecta ou unha controladora...? Quen pon esas etiquetas, quen xulga? Na miña película non hai categorías, porque eu non funciono así. Antes que fillas ou nais, somos seres humanos facendo o que podemos, cos nosos erros e acertos. A nai de *Los pequeños amores* está afeitada vivir soa e fai as cousas á súa maneira. Pero ten un accidente que a inmoviliza durante unhas semanas, e a súa filla vén coidala. Esta situación xera arestas. A nai non ten filtro, dille á súa filla todo o que pensa. A filla, en cambio, é introvertida. Gárdao todo. A nai pode ser invasiva, pero tamén aprende a ler o silencio da súa filla.

Todo apunta ao drama, en cambio a película non é dramática. O meu obxectivo é o acompañamento emocional dos personaxes. Non son importantes os feitos, senón as emocións. Estamos afeitados ver películas cun conflito ou unha explosión dramática. Todo parece normal ata que un suceso inesperado rompe a realidade en mil anacos... Non, en xeral, movémonos nunha rutina feita de pequenos desexos, de contradicións e problemas que, cando se superan, resulta que non eran tan complicados.